



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DONA ANA MARÍA ARES ÁLVAREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PADRÓN (A CORUÑA),

C E R T I F I C O: Que, de acordo aos datos que constan nesta secretaría ao meu cargo, o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, en sesión ordinaria realizada, en primeira convocatoria, o vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, aprobou, entre outras, a seguinte proposta que literalmente se transcribe a continuación:

MOCIÓN DE URXENCIA. MODIFICACIÓN DO DOMINIO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PADRÓN.

<<Por acordo do Pleno da Corporación Municipal do 31 de outubro do 2013 aprobouse o Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial e para a xestión e administración da sede electrónica. Este acordo publicouse no Boletín Oficial da Coruña número 215 do 12 de novembro de 2013 e o 3 de decembro formalizouse o devandito Convenio entre ambas institucións.

O obxecto deste convenio e do acordo plenario foi, resumidamente, encomendar á Deputación Provincial a xestión da sede electrónica do Concello, a cal naquel momento denominouse "sede.concellodepadron.es".

Con posterioridade, o 30 de outubro do 2014, o Pleno da Corporación Municipal aprobou iniciar os trámites para cambiar o dominio do Concello a "padron.gal" o cal caduca o 25 de novembro de 2016. Sendo necesario polo tanto renovalo, a Deputación Provincial comunica que se debe aprobar o novo dominio da sede, é dicir, "sede.padron.gal".

Por todo o anterior Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o novo dominio para a sede electrónica do Concello de Padrón que pasará a denominarse "sede.padron.gal".

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.>>

E para que así conste expido a presente, de orde e co visto e prace do señor Alcalde, e en cumprimento do establecido no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fago a advertencia de que a acta que a contén non está aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da súa aprobación. Padrón, vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis.

